



INFORME DAS MATERIAS SUSPENSAS POLAS QUE O ALUMNADOS NON DEFENDE O TRABALLO FIN DE GRAO

Curso Académico: 2019-2020

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o 13/04/2021
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 28/04/2021**

Introducción

p. 3

Resultados

p. 5

Introducción

A taxa de gradación (IN37C-S01-PM-01) defínese como: “a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada”. Na memoria para a solicitude de verificación do título de Grao en Bioloxía pola USC inclúese como resultado previsto unha taxa de gradación do 60%. Sin embargo, as correspondentes aos primeiros anos da impartición do grao distan moito do 60%, xa que no curso 2013/14 (ano de explotación e referida ao comezo de curso no ano 2009/10) foi do 35,5%, aumentado nos cursos posteriores a un 39,0%, un 45,4%, 43,6%, un 43,3%, un 44,52% e un 58,5%. Aínda que esta taxa incrementouse de maneira importante no curso 2019/20, están moi por baixo das obtidas nos másteres impartidos na Facultade que presentan taxas de gradación superiores ao 80%.

Esta taxa é moi baixa, mostrando unha desviación da previsión inicial, cuestión que foi indicada no “INFORME PROVISIONAL DE EVALUACIÓN PARA LA RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN”. Seguindo as recomendacións do mencionado informe abordouse un estudo tendente a identificar as causas subxacentes a esta baixa taxa de gradación, cuxos resultados se analizan a continuación.

A finalización dos estudos a marca a defensa do Traballo Fin de Grao (TFG), por esta razón parece lóxico coñecer cales son as materias cuxa dificultade na súa superación atrasa a lectura do TFG, de forma que a duración media dos estudos alárguese e diminúa a taxa de gradación. Obviamente o problema é máis complexo e no mesmo incide tamén a porcentaxe de alumnos que superan cada materia, xa que o número de alumnos que chegan a matricularse de TFG no ano que lles corresponde é extremadamente baixo.

A continuación analízase cales son as materias que cursan paralelamente ao TFG os alumnos repetidores do mesmo; e que representan créditos que obrigatoriamente deben superar para defender o TFG (algúns alumnos matricúlanse de materias optativas cando repiten para ampliar a súa formación, estas materias non son necesarias para a súa gradación e deixáronse fóra deste estudo). Nalgunhas ocasións os alumnos que necesitan unha única optativa para completar os créditos matricularonse de dúas delas (para ampliar a súa formación e seguramente para asegurar o aprobado nunha das mesmas), ao non poder discernir cal destas é a

necesaria incluíronse as dúas materias.

Resultados

Só se tivo en conta o alumnado que ademais do TFG teñen menos de 24 créditos por superar (o que corresponde a un máximo de catro materias) ademais dos 6 créditos do TFG. Desde o inicio do grao o máximo de créditos dos que un alumno repetidor matriculouse xunto ao TFG foi de 69 (12 materias + o TFG) no curso 2017/18. No curso 2019/20, referidos a repetidores do curso 2018/19, o 30% dos alumnos repetidores só cursan o TFG, o 57% cursan o TFG xunto a materias con menos de 24 créditos, sendo unicamente o 9% dos alumnos os que teñen máis de 24 créditos.

O número de alumnos que repetiron o TFG no curso 2013/14 foi 15, destes 14 tiñan menos de catro materias acompañantes (9 de grao e 5 procedentes de licenciatura). O número de alumnos que se matricularon no curso 2012/13 foi de 48, desta forma os 15 alumnos que repiten o TFG representan o 31% e os 14 o 29% respecto dos matriculados o ano anterior (Figura 1).

O número de alumnos que repetiron o TFG no curso 2014/15 foi 33, destes 23 tiñan menos de catro materias acompañantes (12 de grao e 11 procedentes de licenciatura). Queda claro que 10 alumnos teñen un grave problema respecto da visualización que teñen das súas propias perspectivas de éxito, xa que ao matricularse do TFG pensan que poden acabar ese ano repetindo máis de 24 créditos. Este é o curso no que máis alumnos teñen este problema (Figura 1). Dos 12 alumnos/as de grao, dous/dúas deles/as non repetiron ningunha materia (só faltáballes o TFG). O número de alumnos que se matricularon no curso 2013/14 foi de 67 (de forma xeral tómase como número de matriculados do curso anterior a suma dos que defenderon máis os que repetiron, eliminando deste xeito os abandonos de alumnos que previamente se matricularon do TFG), desta forma os 33 alumnos representan o 49% e os 23 o 23% respecto dos matriculados o ano anterior (Figura 1).

O número de alumnos que repiten ou TFG non curso 2015/16 é 54, destes 44 teñen menos de catro materias acompañantes (33 de grao e 11 procedentes de licenciatura - dous deles non repiten ningunha materia xa que só faltáballes ou TFG). O número de alumnos que se matricularon non curso 2014/15 foi de 121, desta forma os 54 alumnos representan o 45% e os 44 o 36% respecto dous matriculados ou ano anterior (Figura 1).

O número de alumnos que repiten o TFG no curso 2016/17 é de 60, destes 55 teñen menos de catro materias acompañantes (34 de grao e 10 procedentes de licenciatura –once deles non repiten ningunha materia xa que só faltáballes o TFG). O número de alumnos que se matricularon no curso 2015/16 foi de 146 (non se contan de novo os

abandonos, alumnos matriculados anteriormente de TFG e que non se matriculan de nada este curso, que foron 9 neste curso), desta forma os 60 alumnos representan o 41% e os 56 o 38% respecto dos matriculados o ano anterior (Figura 1).

O número de alumnos que repiten o TFG no curso 2017/18 é 47, destes 45 teñen menos de catro materias acompañantes (este ano déixase de facer diferenza entre procedentes do grao e da licenciatura, ao ser estes últimos testemuñais), non repetindo ningunha materia sete deles xa que só faltáballes o TFG). O número de alumnos que se matricularon no curso 2016/17 foi de 123 (non se contan de novo os abandonos, alumnos matriculados anteriormente de TFG e que non se matriculan de nada este curso, que foron 9 neste curso), desta forma os 47 alumnos representan o 38% respecto dos matriculados o ano anterior (Figura 1).

O número de alumnos que repiten o TFG no curso 2018/19 é de 50, destes 46 teñen menos de catro materias acompañantes, non repetindo ningunha materia catro deles, xa que só faltáballes o TFG. O número de alumnos que se matricularon no curso 2017/18 foi de 163 (non se contan de novo os abandonos, alumnos matriculados anteriormente de TFG e que non se matriculan de nada este curso), desta forma os 50 alumnos representan o 31% respecto dos matriculados o ano anterior (Figura 1)..

O número de alumnos que repiten o TFG no curso 2019/20 é 56, destes 17 só están matriculados do TFG e 31 teñen menos de cinco materias (<24 créditos) acompañantes. O número de alumnos que se matricularon no curso 2018/19 foi de 150 (non se contan de novo os abandonos, alumnos matriculados anteriormente de TFG e que non se matriculan de nada este curso), desta forma os 56 alumnos representan o 37% respecto dos matriculados o ano anterior (Figura 1).

O número de alumnos que repiten o TFG no curso 2020/21 é 33, destes 12 só están matriculados do TFG e 20 teñen menos de cinco materias (<24 créditos) acompañantes. O número de alumnos que se matricularon no curso 2019/20 foi de 159 (non se contan de novo os abandonos, alumnos matriculados anteriormente de TFG e que non se matriculan de nada este curso), desta forma os 33 alumnos representan o 20% respecto dos matriculados o ano anterior (Figura 1), sendo esta a porcentaxe máis baixa desde o inicio do grao.




Figura 1. Alumnos/as matriculados, porcentaxe de alumnos/as repetidores e de alumnos/as repetidores con menos de 24 créditos (24 c.) respecto ao total do alumnado matriculado (suma dos que defenderon e os que repetiron, eliminando deste xeito aos que abandonaron) e TFG defendidos entre os cursos 2012/13e 2019/20.

No curso 2013/2014, en referencia aos alumnos de grao, sete repetiron cunha materia, seis destes (86% dos repetidores) con Bioloxía Molecular e un con Xenética Evolutiva; dous alumnos repetiron con tres materias, ambos con Bioloxía Molecular (100%) e outras materias que non se repiten (Táboa 1). Nos alumnos procedentes de licenciatura a tendencia é a mesma: só un repetiu cunha materia que foi Bioloxía Molecular (100%), e o resto de alumnos que repiten con entre dous e catro materias sempre repiten con Bioloxía Molecular (100%) e outra serie de materias que non se repiten. Desta forma o total para o curso 2013/14 foi que sete do oito alumnos que repetían cunha materia cursaron Bioloxía Molecular (88%) e dos que repetiron con entre dous e catro materias sempre tiveron Bioloxía Molecular (100%) (as outras materias que máis se repiten pero a moita distancia son Parasitología, Fitopatología e Xenética Humana) (Táboa 1).

No curso 2014/2015 en referencia aos alumnos de grao, seis repetiron cunha materia, cinco destes (83% dos repetidores) con Bioloxía Molecular e un con Parasitología; un alumno repetiu con tres materias incluíndo Bioloxía Molecular (100%); outro tres repetiron con catro materias incluíndo sempre Bioloxía Molecular (100%) e en dous do tres casos Parasitología e Fisioloxía Vexetal II (Táboa 2). Nos alumnos procedentes de licenciatura a tendencia é a mesma: só catro repetiron cunha materia que foi en tres

casos Bioloxía Molecular (75%) e noutro caso Fisioloxía Animal. O resto do alumnado que repite con dúas, tres ou catro materias, de novo, todos repiten con Bioloxía Molecular (100%) e outra serie de materias entre as que destacan polo número de suspensos Xenética Evolutiva e Fisioloxía Vexetal I. Desta forma o total para o curso 2014/15 foi que oito dos dez alumnos/as que repetían cunha materia cursaron Bioloxía Molecular (80%) e dos que repetiron con entre dúas e catro materias sempre tiveron Bioloxía Molecular (100%) (as outras materias que máis se repiten pero a moita distancia son Fisioloxía Vexetal I e Microbioloxía Clínica) (Táboa 2).

Táboa 1. Materias que cursan os alumnos repetidores do TFG no curso 2013/14. Datos disgregados por alumnos que proceden do grao e licenciatura e o total dos alumnos

Número de materias	Alumnos/as Grao				Licenciatura				Total			
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
Bioloxía Molecular	6		2		1	1	2	1	7	1	4	1
Xenética Evolutiva	1								1			
Parasitoloxía			1			1				1	1	
Biodiversidade Vexetal			1								1	
Fitopatoloxía			1				1				2	
Xenética humana			1					1			1	1
Fisioloxía Animal							1				1	
Fisioloxía Animal Comparada							1				1	
Inmunoloxía							1				1	
Fisioloxía Vexetal I								1				1
Fisioloxía Vexetal II								1				1
Total	7	0	2	0	1	1	2	1	8	1	4	1

Táboa 2. Materias que cursan os alumnos repetidores do TFG no curso 2014/15. Datos disgregados por alumnos que proceden do grao e licenciatura e o total dos alumnos

Número de materias	Alumnos/as Grao				Licenciatura				Total			
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
Bioloxía Molecular	5		1	3	3	2	3	2	8	2	4	5
Xenética Evolutiva						1	1	1	0	1	1	1
Parasitoloxía	1			2					1			2
Fisioloxía Animal					1		1		1		1	
Inmunoloxía				1								1
Fisioloxía Vexetal I				1			2	1			2	2
Fisioloxía Vexetal II				2				1				3
Microbioloxía Clínica			1	1			1	1			2	2
Biotecloloxía Vexetal			1					1			1	1
Bioquímica II				1		1				1		1
Zoogeografía				1								1
Xeobotánica							1				1	
Microbioloxía I								1				1
Total	6	0	1	3	4	2	3	2	10	2	4	5

No curso 2015/2016, en referencia aos alumnos de grao, dezanove repiten cunha

materia, quince destes (79% dos repetidores) con Bioloxía Molecular e o resto con catro diferentes materias. Seis alumnos repiten con dúas materias, cinco deles con Bioloxía Molecular (83%) e outras materias que non se repiten (Táboa 3). Dous alumnos repiten con tres materias, ambos con Bioloxía Molecular (100%) e outras materias que non se repiten. Cinco alumnos repiten con catro materias, todos con Bioloxía Molecular (100%) e con outras materias que salvo a Fisioloxía Vexetal II con catro alumnos (80%) non se repiten moito. Nos alumnos procedentes da licenciatura a tendencia é a mesma: seis repiten cunha materia que para cinco deles é Bioloxía Molecular (83%), e o resto de alumnos que repiten, con entre dúas e catro materias, todos repiten con Bioloxía Molecular (100%) e outra serie de materias diferentes. Desta forma o total para o curso 2015/16 é que vinte dos vinte e cinco alumnos que repiten cunha materia cursarán Bioloxía Molecular (80%) e dos que repetiron con entre dous e catro materias case sempre teñen Bioloxía Molecular (94%) (as outras materias que máis se repiten pero a moita distancia son Xenética Evolutiva, Fisioloxía Vexetal I e II) (Táboa 3).

No curso 2016/2017, en referencia aos alumnos de grao, dezaseis repiten cunha materia, trece destes (81% dos repetidores) con Bioloxía Molecular e o resto con Fisioloxía Vexetal II (19%). Catro alumnos repiten con dúas materias, tres deles con Bioloxía Molecular (75%) e con Fisioloxía Vexetal I (75%) e outras materias que non se repiten (Táboa 4). Oito alumnos repiten con tres materias, dos que sete se matricularon de Bioloxía Molecular (88%), catro en Fisioloxía Vexetal II (50%) e tres en Fisioloxía Vexetal I (38%) e outras materias que case non se repiten. Cinco alumnos repiten con catro materias, todos con Bioloxía Molecular (100%) e con outras materias que salvo a Fisioloxía Vexetal I e II e Biodiversidade Vexetal (40%) non se repiten. Nos alumnos procedentes de licenciatura a tendencia é a mesma: dous repiten cunha materia que é Bioloxía Molecular (100%), e o resto de alumnos que repiten, con dous e tres materias, todos repiten con Bioloxía Molecular (100%) e outra serie de materias diferentes entre as que destacan Xenética Evolutiva e Fisioloxía Vexetal I e II. Desta forma o total para o curso 2016/17 é de que quince dos dezoito alumnos que repiten cunha materia cursarán Bioloxía Molecular (83%) e dos que repetiron con entre dúas e catro materias case sempre teñen Bioloxía Molecular (92%) (as outras materias que máis se repiten son Fisioloxía Vexetal I e II e a moita distancia Xenética Evolutiva (Táboa 4).

Táboa 3. Materias que cursan os alumnos repetidores do TFG no curso 2015/16. Datos disgregados por alumnos que proceden do grao e licenciatura e o total dos alumnos

Número de materias	Alumnos/as	Grao				Licenciatura				Total			
		1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
Biología Molecular		15	5	2	5	5	1	1	2	20	6	3	7
Xenetica Evolutiva		1	1		2		1	1		1	2	1	2
Parasitología			1		1						1		1
Biodiversidade Vexetal		1								1			
Fitopatología				1								1	
Fisiología Animal			1		1						1		1
Fisiología Vexetal I		1	1	1	2					1	1	1	2
Fisiología Vexetal II				1	4				1			1	5
Microbiología Clínica					1								1
Bioquímica II					1	1			1	1			2
Zoogeografía									1				1
Redacción e Execución Proxectos		1								1			
Viroloxía			1		2			1			1	1	2
Evolución Humana e Diversidade Molecular			1	1							1	1	
Neurobiología			1								1		
Bioquímica I					1								1
Ecoloxía III									1				1
Bioxeoquímica									1				1
Edafología									1				1
Total		19	6	2	5	6	1	1	2	25	7	3	7

Táboa 4. Materias que cursan os alumnos repetidores do TFG no curso 2016-17.

Número de materias	Alumnos/as	Grao				Licenciatura				Total			
		1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
Biología Molecular		13	3	7	5	2	3	5		15	6	12	5
Xenetica Evolutiva							1	3			1	3	
Parasitología					1								1
Biodiversidade Vexetal				1	2							1	2
Fitopatología				1	1							1	1
Xenetica humana				1	1							1	1
Fisiología Animal				1	1							1	1
Fisiología Animal Comparada				1				1				2	
Fisiología Vexetal I			3	3	2						3	3	2
Fisiología Vexetal II		3	1	4	2		1	2		3	2	6	2
Microbiología Clínica				2	1			2				4	1
Bioteconoloxía Vexetal				1	1							1	1
Bioquímica II					1			1				1	1
Microbiología II				1				1				2	
Evolución Humana e Diversidade Molecular				1								1	
Neurobiología					1								1
Bioquímica I			1				1				2		
Prácticas externas					1								1

No curso 2017/2018 (xa non se fai diferenza entre os procedentes do grao ou da licenciatura) en referencia aos alumnos de grao, vinte e cinco repiten cunha materia, vinte e un deles (84% dos repetidores) con Bioloxía Molecular e o resto con Fisioloxía Vexetal I (8%), Xenética Evolutiva (4%) ou Parasitología (4%). Doce alumnos repiten con dúas materias, dez deles con Bioloxía Molecular (83%), tres con Fisioloxía Vexetal II (25%) ou Inmunología (25%), dúas con Parasitología (16%) e un con outras materias diferentes (Táboa 5).

Táboa 5. Materias que cursan os alumnos repetidores do TFG no curso 2017-18.

Número de materias	Alumnos/as			
	1	2	3	4
Bioloxía Molecular	21	10		
Xenetica Evolutiva	1	1		
Parasitología	1	2		
Inmunología		3		
Fisioloxía Vexetal I	2			
Fisioloxía Vexetal II		3		
Viroloxía		1		
Neurobioloxía		1		
Bioquímica Clínica		1		
Biodiversidade Animal e Conservación		1		
Enxeñería Xenética		1		
Total	25	12	0	0

No curso 2018/2019 en referencia aos alumnos de grao, vinte e oito repiten cunha materia, vinte e catro destes (86% dos repetidores) con Bioloxía Molecular e o resto con Xenética Evolutiva (4%), Fisioloxía Animal Comparada (4%), Fisioloxía Vexetal II (4%) ou Biodiversidade Animal e Conservación (4%). Sete alumnos repiten con dúas materias, todos eles con Bioloxía Molecular (100%), dous con Fisioloxía Vexetal II (29%) e o resto con outras materias diferentes (Táboa 6). Catro alumnos repiten con tres materias, dos que dous se matricularon de Bioloxía Molecular (50%), de Fisioloxía Vexetal I (50%) ou de Edafología (50%), mentres que o resto fano noutras materias que case non se repiten. Tres alumnos repiten con catro materias, todos eles con Bioloxía Molecular (100%) e con outras materias que, salvo a Bioquímica Clínica e Enxeñaría Xenética (ambas con dous alumnos, 66%), non se repiten.

Táboa 6. Materias que cursan os alumnos repetidores do TFG no curso 2018-19.

Número de materias	Alumnos/as			
	1	2	3	4
Bioloxía Molecular	24	7	2	3
Xenetica Evolutiva	1			
Paraxitoloxía			1	
Fisioloxía Animal				1
Fisioloxía Animal Comparada	1	1		1
Inmunoloxía		1		1
Fisioloxía Vexetal I		1	2	
Fisioloxía Vexetal II	1	2	1	1
Microbioloxía Clínica			1	
Bioteconoloxía Vexetal			1	
Viroloxía			1	
Evolución Humana e Diversidade Molecular			1	1
Bioxeoquímica		1		
Edafoloxía		1	2	
Prácticas externas				
Bioquímica Clínica				2
Biodiversidade Animal e Conservación	1			
Enxeñería Xenética				2
Total	28	7	4	3

No curso 2019/2020 en referencia aos alumnos de grao, nove repiten cunha materia, sete deles (78% dos repetidores) con Bioloxía Molecular, un con Biodiversidade Vexetal e Conservación (11%) e outro con Inmunoloxía (11%) (Táboa 7). Once alumnos repiten con dúas materias, dez deles con Bioloxía Molecular (91%), tres con Fisioloxía Vexetal II (27%) e con Biodiversidade Vexetal e Conservación (27%) e o resto con outras materias diferentes (Táboa 7). Oito alumnos repiten con tres materias, dos que cinco se matricularon de Bioloxía Molecular (63%), dous de Xenética Evolutiva (25%), Viroloxía (25%), e Edafoloxía (25%), mentres que o resto fano noutras materias que case non se repiten. Tres alumnos repiten con catro materias, dous deles con Bioloxía Molecular (67%) e con outras materias que non se repiten.

O curso 2020/2021 é o curso con menos alumnos repetidores do TFG dende o inicio dos estudos do grao. Doce alumnos/as repiten cunha materia, seis deles (50%) con Bioloxía Molecular, dous con Xenética Evolutiva (12%) e o resto con distintas materias que non se repiten (Táboa 8). Seis alumnos/as repiten con dúas materias que non se repiten, dez con tres materias (só dous deles repiten a mesma materia que é Prácticas Externas) e sete con catro materias (só dous deles repiten a mesma materia -Bioloxía Molecular).

Táboa 7. Materias que cursan os alumnos repetidores do TFG no curso 2019-20.

Número de materias	Alumnos/as			
	1	2	3	4
Bioloxía Molecular	7	10	5	2
Xenética Evolutiva		1	2	
Paraxitoloxía			1	1
Fisioloxía Animal			1	
Fisioloxía Animal Comparada			1	
Inmunoloxía	1		1	1
Fisioloxía Vexetal I				1
Fisioloxía Vexetal II		3	1	1
Microbioloxía Clínica		1		1
Viroloxía		1	2	
Evolución Humana e Diversidade Molecular				1
Edafoloxía			2	
Prácticas externas			1	2
Bioquímica Clínica			1	
Biodiversidade Animal e Conservación				1
Enxeñería Xenética			1	
Biodiversidad Vegetal y Conservación	1	3		
Fitopatoloxía		1		1
Microbioloxía II		1		
Bioloxía da Célula		1		
Neurobioloxía			1	
Ecoloxía III			1	
Ecoloxía II			1	
Química para Bioloxía			1	
Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal			1	
Total	9	11	8	3

Táboa 8. Materias que cursan os alumnos repetidores do TFG no curso 2020-21.

Número de materias	Alumnos/as			
	1	2	3	4
Bioloxía Molecular	6	1	1	2
Xenética Evolutiva	2	1		1
Paraxitoloxía			1	
Fisioloxía Animal Comparada		1		
Inmunoloxía			1	
Fisioloxía Vexetal I			1	1
Microbioloxía Clínica	1		1	
Viroloxía		1		
Edafoloxía			1	
Prácticas externas		1	2	1
Biodiversidade Vexetal e Conservación	1			
Fitopatoloxía		1		1
Bioloxía da Célula	1			
Neurobioloxía	1			
Ecoloxía III			1	
Xenética II			1	
Xenética Humana				1
Total	12	6	10	7

Como resumo do anteriormente exposto, pódese comprobar que dos alumnos que repiten cunha materia, o número que o fai con Bioloxía Molecular mantense entre os cursos 2013/14 e 2020/21 da seguinte forma: 88%, 80%, 80%, 81%, 85%, 86%, 78% e 50%. Algo similar acontece para os alumnos que repetiron con entre dúas e catro materias descendendo para o mesmo período de tempo desta forma: 100%, 100%, 94%, 92%, 83%, 86%, 77% e 17%. Aínda que esta materia segue sendo o principal escollo para a finalización dos estudos de grao, os resultandos melloraron sustancialmente no último curso analizado, e isto está relacionado coa elevada tasa de superación da materia no curso 2019/20 (90%) no que a avaliación na segunda oportunidade foi realizada de modo telémático.

Respecto dos datos totais do periodo 2013/14 - 2020/21, dos cento trinta e cinco alumnos que repetiron por unha materia e non puideron defender o TFG, en cento oito casos foi debido a Bioloxía Molecular (80%), seguido de Xenética Evolutiva (4,4%) e Fisioloxía Vexetal II (3%), no resto dos casos son materias diferentes que non superan o 2,2%) (Táboa 9). Do resto de alumnos/as que repiten e repetiron con entre dous e catro materias, case sempre teñen que cursar Bioloxía Molecular (86%), síguenlle en porcentaxe Fisioloxía Vexetal II con un 28%, Fisioloxía Vexetal I con el 20%, Xenética

Evolutiva con el 15%, Microbioloxía Clínica con el 12% ye Parasitoloxía con el 11%, dos alumnos repetidores. = resto das materias non superan o 9%.

Desta análise despréndese que, dos alumnos que repiten matrícula no TFG con menos de 24 créditos a maiores do mesmo, o 83% fano con Bioloxía Molecular; o 14% con Fisioloxía Vexetal II; o 10% con Fisioloxía Vexetal I e o 9% con Xenética Evolutiva; mentres que o resto de materias non supera o 6%. Desta forma pódese concluír que a materia que supón o maior problema para que os alumnos poidan defender o TFG é Bioloxía Molecular, e por tanto os suspensos nesta materia poden constituír un importante freo para mellorar a taxa de graduación. Esta materia ten unha porcentaxe de superación da materia que é, respecto doutras do Grao en Bioloxía, baixo; pero non é o menor. Outras materias de cursos anteriores teñen ou tiveron peores porcentaxes e con todo nun número menor de ocasións impiden realizar unha defensa do TFG. Química para Bioloxía (de 1º curso) ten unha porcentaxe similar a Bioloxía Molecular e non é un freo para a lectura do TFG. Parece ser que o problema é ter que cursar en cuarto curso de grao unha materia como Bioloxía Molecular cunha porcentaxe tan baixa de alumnos que a superan, xa que teñen exclusivamente dúas oportunidades para superala. Se esta materia estivese nun curso anterior, probablemente ocorrería o mesmo que coas outras que teñen baixas porcentaxes de alumnos que as superan, pero non impiden a defensa do TFG. Pola contra, a media da porcentaxe de alumnos que superan o resto das materias de cuarto é superior ao 85%, o que facilita, salvo excepcións que os alumnos poidan defender o TFG no ano que cursan cuarto curso.

Táboa 9. Materias que cursa o alumnado repetidor do TFG no total dos cursos 2013/14, 2014/15, 2015/16, 2016/17, 2017/18, 2018/19, 2019/20 e 2020/21. Datos disgregados por alumnos/as que proceden do grao, da licenciatura e do total dos/as alumnos/as.

Alumnos	Grao				Licenciatura				Total			
Número de materias	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
Bioloxía Molecular	97	36	20	20	11	7	11	5	108	43	31	25
Xenetica Evolutiva	6	4	2	3		3	5	1	6	7	6	4
Parasitoxía	2	3	4	5		1			2	4	4	5
Biodiversidade Vexetal	3	3	2	2					3	3	2	2
Fitopatoloxía		2	3	3			1			2	4	3
Xenetica humana			2	2				1			2	3
Fisioloxía Animal		1	2	3	1		2		1	1	4	3
Fisioloxía Animal Comparada	1	2	2	1			2		1	2	4	1
Inmunoloxía	1	4	2	3			1		1	4	3	3
Fisioloxía Vexetal I	3	5	7	7			2	2	3	5	9	9
Fisioloxía Vexetal II	4	9	7	10		1	2	3	4	10	9	13
Microbioloxía Clínica	1	1	5	4			3	1	1	1	8	5
Bioteecnoloxía Vexetal			3	2				1			3	3
Bioquímica II				3	1	1	1	1		1	1	4
Zooxeografía				1				1				2
Xeobotánica							1				1	
Microbioloxía I								1				1
Microbioloxía II		1	1				1			1	2	
Redacción e Execución Proxectos	1								1			
Viroloxía		4	3	2			1			4	4	2
Evolución Humana e Diversidade Molecular		1	3	2						1	3	2
Neurobioloxía	1	2	1	1					1	2	1	1
Bioquímica I		1		1		1				2		1
Ecoloxía III			2					1			2	1
Bioxeoquímica		1						1		1		1
Edafoloxía		1	5					1		1	5	1
Prácticas externas		1	3	4						1	3	4
Bioquímica Clínica		1	1	2						1	1	2
Biodiversidade Animal e Conservación	1	1		1					1	1		1
Enxeñería Xenética		1	1	2						1	1	2
Química para Bioloxía			1								1	
Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal			1								1	
Bioloxía da Célula		1	1							1	1	
Ecoloxía III			1								1	
Xenética II			1									
Total	115	45	34	24	13	7	11	5	127	52	44	29